

# 22 PMR

PREMIO INTERNACIONAL DE GRÁFICA  
MÁXIMO RAMOS 2012

**Concello de Ferrol**

**Alcalde**

José Manuel Rey Varela

**Delegación de Cultura  
e Universidade**

Manuel-Reyes García Hurtado

**Exposición**

**Comisaria**

Anne Heyvaert

**Coordinación**

Elsa R. Armentia

**Montaxe**

Galaica Fine Arts

**Seguros**

Riskmedia

**Catálogo**

**Edita**

Concello de Ferrol

**Coordinación editorial**

Mónica Maneiro

**Textos**

Anne Heyvaert

**Traducións**

Elsa R. Armentia

**Deseño e maquetación**

DARDO (María Agra)

**Fotografía**

Ovidio Aldegunde

Os artistas

**Impresión**

Agencia Gráfica

**ISBN**

978-84-88991-35-5

D. L. XXX



Centro **Torrente Ballester**



**Concello de Ferrol**

[www.ferrol.es](http://www.ferrol.es)



**22 Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2012** 10**Repetir e despregar** 14  
ANNE HEYVAERT**Repetir y desplegar** 20  
ANNE HEYVAERT**Repeat and Unfold** 26  
ANNE HEYVAERT**Índice de artistas** 34  
**Artists' index****Xurado** 108  
**Jurado**  
**Jury****Acta do fallo do xurado** 112



## 22 Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2012

O Centro Torrente Ballester de Ferrol acolle a vixésimo segunda edición do Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos con especial entusiasmo, cun incremento da participación, tanto en número de solicitantes e de países, coma no aumento do nivel de calidade das propostas, unha vez que a esta edición se presentaron artistas de recoñecido prestixio nacional e internacional que tornan aínda máis atractiva a visita á exposición dos seleccionados.

Un deses casos é o do coñecido artista portugués Pedro Calapez (Lisboa, 1953), merecedor do Premio Máximo Ramos pola súa obra *Conversation piece*, baseada na idea de repetición para compoñer unha obra de gran formato que pasará a formar parte da colección permanente do Concello de Ferrol. Pedro Calapez, integrado en coleccións como as do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Fundación Calouste Gulbenkian, Museo de Serralves de Oporto ou o Centro Galego de Arte Contemporánea, realizou esta obra a partir dunha unidade base, o fragmento arquitectónico dunha fiestra, traballo que o artista concibe como unha conversa continua e inacabada.

Nesta edición do certame, un dos máis veteranos de España, amósase a súa vitalidade e o seu dinamismo, cunha selección que reflicte a evolución da arte gráfica contemporánea, cada vez máis multidisciplinar e integradora, capaz de combinar a obra única e a obra múltiple dende as máis diversas técnicas tradicionais ata os procesos dixitais, fotográficos, videográficos ou de son, como pode observarse na exposición e neste coidado catálogo que reproduce a obra dos 37 artistas seleccionados dun total de 450 dossieres recibidos provenientes de 49 países.

En nome do Concello de Ferrol, gustaríame agradecer ao xurado e á comisaria desta edición, Anne Heyvaert, a súa profesionalidade e empeño de que o Premio Máximo Ramos siga medrando en calidade e cantidade; aos artistas, tanto aos seleccionados como aos que quedaron ás portas, a súa participación e creatividade. A todos eles, así como ás persoas que participaron para que esta edición sexa unha realidade e poida ser gozada polos cidadáns, o noso máis sincero agradecemento.

**José Manuel Rey Varela**  
Alcalde de Ferrol

El Centro Torrente Ballester de Ferrol acoge la vigésimo segunda edición del Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos con especial entusiasmo, con un incremento de la participación, tanto en número de solicitantes y de países, como en el aumento del nivel de calidad de las propuestas, una vez que a esta edición se han presentado artistas de reconocido prestigio nacional e internacional que tornan todavía más atractiva la visita a la exposición de los seleccionados.

Uno de esos casos es el conocido artista portugués Pedro Calapez (Lisboa, 1953), merecedor del Premio Máximo Ramos por su obra *Conversation piece*, que se basa en la idea de repetición para componer una obra de gran formato que pasará a formar parte de la colección permanente del Ayuntamiento de Ferrol. Pedro Calapez, que se integra en colecciones como las del Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Fundación Calouste Gulbenkian, Museo de Serralves de Oporto o el Centro Galego de Arte Contemporánea, ha realizado esta obra a partir de una unidad base, el fragmento arquitectónico de una ventana, trabajo que el artista concibe como una conversación continua e inacabada.

En esta edición del certamen, uno de los más veteranos de España, se demuestra su vitalidad y su dinamismo, con una selección que refleja la evolución del arte gráfico contemporáneo, cada vez más multidisciplinar e integrador, capaz de combinar la obra única y la obra múltiple desde las más diversas técnicas tradicionales hasta los procesos digitales, fotográficos, videográficos o de sonido, como se puede observar en la exposición y en este cuidado catálogo que reproduce la obra de los 37 artistas seleccionados de un total de 450 dossieres recibidos provenientes de 49 países.

En nombre del Ayuntamiento de Ferrol, me gustaría agradecer al jurado y a la comisaria de esta edición, Anne Heyvaert, su profesionalidad y empeño de que el Premio Máximo Ramos siga creciendo en calidad y cantidad; a los artistas, tanto a los seleccionados como a los que se han quedado a las puertas, su participación y creatividad. A todos ellos, así como a las personas que han participado para que esta edición sea una realidad y pueda ser disfrutada por los ciudadanos, nuestro más sincero agradecimiento.

**José Manuel Rey Varela**  
Alcalde de Ferrol

The Centro Torrente Ballester of Ferrol receives the 22nd edition of the Máximo Ramos International Award for Graphic Arts with a special enthusiasm, for there has been an increase in participation, as for both the number of applicants and countries, and for a rise in the quality of proposals. In the present edition, renowned artists of national and international prestige make visiting the exhibition even more attractive.

One of those cases is the well-known Portuguese artist Pedro Calapez (Lisboa, 1953), who deserved the Máximo Ramos Award for his work *Conversation piece*. It is based on the idea of repetition in order to compose a big scale piece which is going to be part of the permanent collection of the City Hall of Ferrol. Pedro Calapez's work is included in collections like that of the Reina Sofía National Museum of Art, Calouste Gulbenkian Foundation, Serralves Museum of Oporto, and Centro Galego de Arte Contemporánea. His piece was constructed from a base unit, the architectural fragment of a window, and he conceived his work as a continuous and unfinished conversation.

This edition of the contest, one of the most veteran prizes in Spain, proves its vitality and dynamism with a selection that shows the evolution of contemporary graphic art, more and more multidisciplinary and integrative, able to combine single and multiple works from a wide range of techniques, from traditional ones to digital, photographic, videographic and sonorous processes. All of them can be observed in the exhibition as much as in this impeccable catalog which reproduces artwork by 37 artists selected out of a total of 450 dossiers received from 49 different countries.

On behalf of the City Hall of Ferrol, I would like to thank the jury and the curator of the present edition, Anne Heyvaert, for their professionalism and determination in that the Máximo Ramos Award keeps on growing in quality and quantity; to the artists, all selected ones and those who narrowly failed to be included, for their participation and creativity. To all of them, and to all the people who have collaborated to make this edition come true in order to be enjoyed by all citizens, our most sincere gratitude.

**José Manuel Rey Varela**  
Mayor of Ferrol





«A repetición dota á experiencia dunha realidade física», di Louise Bourgeois<sup>1</sup>. Unha e outra vez, o artista repite, recomeza, incorpora o seu xesto, as maneiras precísanse, a través de accións que inevitablemente se alteran nunha cadea de repetición-transformación. O observador deixarase sen dúbida atrapar ante o despregamento; dunha imaxe a outra, percibirá os síntomas da súa unidade e experimentará a obra na súa realidade física, fragmentada, multiplicada, e incompleta.

A obra gráfica está vinculada, dende os seus inicios, ao concepto de repetición: multiplicación estampada dunha mesma imaxe, con vocación de difusión; reiteración experimental, onde as probas de estado e de ensaio toman valor de testemuño das diferentes etapas do proceso creativo; despregamento visual e narrativo en series de imaxes, en *suites* gravadas reunidas en libros ou carpetas. Hoxe máis que nunca, as técnicas gráficas –tradicional, renovadas, dixitais ou híbridas– serven a miúdo á arte contemporánea para idear e producir proxectos múltiples e/ou seriados. O Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos quere dar constancia desta evolución, dende a asimilación das súas cualidades históricas.

Neste sentido, a obra premiada *Conversation piece*, do artista portugués **Pedro Calapez**, destaca pola especial coincidencia das súas características cos obxectivos deste certame, na idea de repetición en tanto que motor de creación e transformación, en palabras do autor, como «unha conversa continua e inacabada». A espectacular composición (260×520 cm) está feita a partir dunha unidade base (un anaco arquitectónico dunha fiestra) multiplicada por simetrías e repeticións. O autor estableceu unha práctica mecánica, en movemento perpetuo; o debuxo, que «se materializa nun momento de fráxil equilibrio, pon de manifesto a súa inesgotable posibilidade». A produción da composición está realizada coa impresión dixital de 102 follas de papel, no formato estándar A3; cravadas na parede soamente pola súa parte superior, que achegan á enorme composición unha lixeireza case volátil.

1 BOURGEOIS, Louise, «I Am a Woman with No Secret: Statements by Louise Bourgeois», 1991, en *Repetición/ Transformación*, Cat. Exp. Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid, 1992.

A evolución técnica serviu e ampliou ao longo dos séculos non soamente as posibilidades multiplicadoras, senón formais e simbólicas, das imaxes imprimidas, ofrecendo a miúdo aos artistas plataformas de maior liberdade expresiva. Esta selección pretende reflectir a variedade técnica da **gráfica contemporánea multidisciplinar e integradora** nun cuestionamento entre obra única e múltiple, coa incorporación, xa de todo asumida, dos procesos dixitais –pero tamén fotográficos, videográficos, ou de son– que dilatan as posibilidades de creación, produción e difusión, física ou virtual; sen polo tanto esquecer os tanxíbeis recursos tradicionais (buril, augaforte, xilografía, litografía, serigrafía...) e a súa posible combinación con procedementos directos e todo tipo de intervencións.

Cabe tamén destacar a preocupación crecente dos creadores pola **posta en escena das súas obras**, facilitada neste certame pola admisión de varias pezas por participante, mesmo de series enteiras e instalacións, sen límites de tamaños. As obras fragmentáanse, desdóbranse, expáñense no espazo bidimensional e tridimensional.

Para desenvolver a pluralidade dos seus discursos, os artistas escollen a miúdo a combinación de varios procedementos, creando imaxes por capas ou estratos, coa consecuente desmultiplicación de posibilidades formais e narrativas. Esta complexidade visual, interna e seriada, permite unhas lecturas aditivas, á vez verticais e transversais, que solicitan e provocan a un espectador alterado e polo tanto activo. Implicado ante o impacto cognitivo da repetición, o espectador debe establecer a súa propia estratexia de montaxe, procurando descubrir os sentidos da obra; algúns artistas van máis alá e provocan mesmo a súa participación para completala.

Mentres uns artistas xogan coa infinidade de posibilidades combinatorias, outros deciden permanecer na restrición e moderación dos medios tradicionais, aproveitando as súas aparentes limitacións como fonte de nova inspiración, nunha idea de retención e concentración estilística e conceptual. Desenvolven a súa riqueza inventiva a partir de estruturas formais sinxelas, o uso do negro da tinta, a limitación do tamaño, cunha idea de repetición case obsesiva como trasfondo.

Á hora de realizar a selección dos participantes na exposición, os membros do xurado tiveron igualmente en conta as diferentes maneiras de producir e entender a multiplicidade e a seriación, dende unha gran variedade de enfoques: exploración procesual, repetición conceptual, fragmentación e/ou secuenciación narrativa, ou simplemente xogos formais. Con estas premissas, decidiron destacar, outorgando cinco mencións de honra, as propostas dos artistas: **Liena Bondare, Charles François Duplain, Manuel Eirís, Joscelyn Gardner e Álvaro Negro**, pola súa achega relevante nesta idea expandida da arte gráfica:

A formalización da obra gráfica e múltiple ampliouse ao son e ao vídeo coas obras dos artistas galegos Manuel Eirís e Álvaro Negro, con proxectos ligados a conceptos elementais e históricos da arte do gravado.

As pezas de **Manuel Eirís** (Santiago de Compostela, 1977), *Bs 50-50 grind* e *Bs Pivot grind* nacen da idea de rexistrar, gravar, «o son de dous *grinds* que fixo un skater nun bordo de Santiago certo día do 2012». O verbo inglés *grind* significa renxer ou raiar, en terminoloxía skater, refírese ao conxunto de manobras consistente no deslizamento cun ou os dous eixos do monopatín sobre unha superficie, xeralmente un bordo curvo ou saínte (*ledge*). A acción deixa uns rastros, pegadas, sobre o mobiliario urbano transitado; o artista «grava» o seu son –recollido mediante un micrófono atado ao nocello do skater– nuns discos de vinilo; o son será reproducido á súa vez polo contacto da agulla do tocadiscos nos sucos do disco. Pegada, gravado e reprodución son conceptos elementais da arte gráfica.

Os seis vídeos que conforman o conxunto de proxeccións de **Álvaro Negro** (Lalín, 1973), *Monteagudo. Natureza! Estás soa?*, refírense á tradición gráfica na idea de desmultiplicación, así como na súa vocación de rexistro e representación, «que alude á súa propia fenomenoloxía, ao feito de mirar como proceso descritivo que logra transcenderse ata chegar a un estado de conciencia esencial a través do que acontece». A expansión e a fragmentación da mirada materialízase en seis tomas diferentes dunha paisaxe, no que se atopan as esculturas de Ulrich Rückriem, analizando a súa interacción coa natureza e a acción do tempo.



As dúas artistas, Liena Bondare e Joscelyn Gardner, traballan dende a vocación de testemuño e reivindicación da obra gráfica –recordemos por exemplo as series gravadas de J. Callot, W. Hogarth ou F. Goya–. Cada unha das artistas achegan elementos moi particulares á presentación dos seus proxectos.

A nova artista **Liena Bondare** (Letonia, 1980), presenta unha gran instalación denominada *Kunst > Everyday Nothing* (a arte é maior que a nada de todos os días), unha obra en proceso, interactiva co público, na que emprega a técnica de impresión da serigrafía, combinada con debuxos efémeros a xiz, sobre 24 lousas de varios tamaños: un conxunto explosionado, con múltiples elementos de referencia, de Leonardo da Vinci, coa súa reflexión acerca do instante e o tempo, ata os artistas Joseph Beuys, Marcel Duchamp ou Yukio Mishima, na idea de «arte e vida». Co título, a artista, remítenos a unha fórmula matemática, e remóntanos a tempos do colexio, invitándonos a intervir con xices sobre as lousas. Anímanos a reflexionar sobre o sentido da arte, a súa relación coa vida, o mercado e a historia, ademais de cuestionar os conceptos de autoría, orixinal e copia.

Cabe destacar as obras *Créoles Portraits* da artista caribeña-canadense **Joscelyn Gardner** (1961), polo seu dominio técnico e a excelencia da formalización, como contrapunto á súa mensaxe desgarradora. Cunhas preciosistas litografías, iluminadas con acuarela a man, sobre papel *mylar* translúcido, a autora explora a identidade crioula dende unha perspectiva feminista postcolonial. Os delicados trenzados afros están unidos a terribles colares de ferro, cos que se castigaba ás mulleres escravas, acusadas de inducir abortos. A integración de gravados botánicos do século XVIII fai referencia ao exótico e á identidade (a súa negación), pero tamén ao uso daquelas plantas para abortar, en acto de resistencia á explotación escravista.

**Charles F. Duplain** (1967, vive e traballa entre Suíza, Francia e Bélxica) emprega o medio do múltiple e o impreso polas súas posibilidades plásticas e metafóricas, ligadas ao libro. Trata o tema do autorretrato dende unha postura ambigua e fantasiosa. Cunha presentación austera pero moi coidada, recolle, no tradicional formato da carpeta, sete composicións

tipográficas feitas con tipos de chumbo, nas que declina as letras do seu nome completo, tomando varios códigos de deletreado internacionais que permiten confirmar os sons das letras; repetición e variación textual, sonora e visual.

Dende a tradición técnica e a retención estilística, preséntanse os ritmos gravados a buril das *Bibliothèques* de Isabel Mouttet, os moi discretos gofrados *Audiolíneas* de Svantje Busshoff, como silenciosas partituras, ou a conxugación dos puntos negros de Kiki Crèvecoeur *Trio, je, o teu, il, nous, vous, elles, ...*. Ao outro extremo, a toda cor, con materiais brillantes, pero tamén dende o xogo da repetición rítmica, atópanse as variacións de José Andrés Santiago.

Numerosas son as obras que cuestionan os ámbitos de percepción: as composicións aparentemente abstractas das arquitecturas –interiores ou exteriores?– de Eduard Arbós; os garabatos troquelados de Ana Soler que de lonxe nos observan; as paisaxes esgazadas e baleiras de Ángel Masip, serigrafiadas e reconfiguradas nunha acumulación reticular; os atractivos círculos *Inner Circle* de Raúl Gómez Valverde, realizados a partir de tomas fotográficas dun parque londiniense, que pretenden «reflexionar as múltiples variables implicadas no proceso de percibir o noso ámbito». Na mesma sintonía, Juan M. Moro, reflexiona acerca da visión *panóptica*, cos seus ventanais multiplicados, recortados e despregados (en volume) como miradoiros reactivados.

A repetición ou a segmentación reforza os propósitos dos artistas; concentra a nosa atención; ás veces desestabiliza, como no caso das escaleiras de Ewelina Szydelko, labirinto de claro-escuros gravados a augatinta. Ao igual que nesta última obra, certa visión romántica prevalece nos ceos atormentados, iluminados polos brillos da maneira negra, de Juliette Vivier.

A fragmentación, recomposición ou manipulación das imaxes recrea formas máis ou menos posibles: nas colaxes de Misha Bies Golas, *Amalgamas* pseudocientíficos sobre papel milimetrado; os coches de Mauro Vallejo, cuxa reconstrución fotogravada queda reforzada polo marco quebrado. A beleza natural das flores retratadas por Elena Lapeña convértese

en beleza ideal; os *Agapanthus africanus* e *Asphodelus albus* vólvense tótems ou columnas, «os paraísos naturais fan os paraísos artificiais».

As imaxes regravadas do Pazo Real de Daniel Silvo readaptan a súa fachada ás necesidades sociais do Madrid actual; apropiación, recomposición e mensaxe. Outras mensaxes comprometidas declínanse coas estampas de Pedro Luis Cembranos, *Disaster Relief* –realizadas a partir do arquivo do seu Museo de Instrución Civil–, e cos dólares calados polo *Capitalism never happened* de Fermín Diez. Iñaki Gracenea, pola súa banda, cuestiona certos aspectos da vídeo-vixilancia ou do *voyeurismo*, con imaxes serigrafiadas superpostas en capas, a partir dun material gravado por vídeo.

A aparente inocente secuenciación narrativa, sustenta os relatos visuais de Rebeca Menéndez, que expandidos no espazo arquitectónico da mostra, ou os pequenos augafortes poéticos, *Legs series*, da moza Irene Vidal. O vídeo é utilizado por Jessica Meuninck-Ganger e Nathaniel Stern para desdobrar e animar unhas imaxes imprimidas e reflectadas (nun debuxado retrovisor). Debemos achegarnos ás ventás-selos de Alberto Valverde para percibir os movementos das figuras, capturadas no seu confinado e reducido espazo.

A auto-referencialidade é unha constante da obra gráfica, así como de gran parte da arte actual: as revoltas ondas negras e o mar aberto de Kako Castro; a tinta negra macro-fotografada por Cillas Seyde que emulan cartografías descoñecidas nunha secuenciación de achegamentos; as reimpresións *birds\_printer.vs* das aliñacións das impresoras de Karla Tobar, tomadas por dous paxariños; os libros fotocopiados e reencadernados de Julia Rometti e Victor Costales, *Ediciones del Exotismo Ordination Internacional Neotropical*, investigación alternativa sobre plantas de interior.

Dende a intimidade, Carolina Cruz Guimarey fabrica pequenos libros e preséntaos xunto a uns textos extraídos que pretenden orientar acerca das historias escondidas nos seus *Todas las huidas*; os materiais empregados, significativos, tentan a vista e o tacto, piden ser manipulados. Con *Un mapa para tus cenizas*, a arxentina Alicia Candiani reafirma o mito da

cartografía borgiana, os mapas –na súa orixe, igual que os selos, gravados e multiplicados grazas ás técnicas do gravado– como amuletos que conducen ao desexado.

A referencia a Yukio Mishima volve con Javier Pividal, xunto a Pier Paolo Pasolini e Jean Genet; sobre os seus enormes retratos recórtanse, *excribense*, palabras convertidas en imaxes xurdidas da *escritura branca* de Roland Barthes e segundo o seu principio: «Les paroles, que sont-elles? Une larme en dit plus»<sup>2</sup> (As palabras que son? Unha bágoa di máis).

Así, a partir de repeticións e fragmentacións, entre idas e voltas, os artistas despregan os posibles e imposibles dos seus proxectos. Deixémonos somerxer na súa dilatación e os seus intervalos, e dende o non dito completamos as obras...

2 BARTHES Roland, *Fragment d'un discours amoureux*, Seuil, Paris, 1977.



«La repetición dota a la experiencia de una realidad física», dice Louise Bourgeois<sup>1</sup>. Una y otra vez, el artista repite, recomienza, incorpora su gesto, las maneras se precisan, a través de acciones que se van inevitablemente alterando en una cadena de repetición-transformación. El observador se dejará sin duda atrapar ante el despliegue; de una imagen a otra, percibirá los síntomas de su unidad y experimentará la obra en su realidad física, fragmentada, multiplicada, e incompleta.

La obra gráfica está vinculada, desde sus inicios, al concepto de repetición: multiplicación estampada de una misma imagen, con vocación de difusión; reiteración experimental, donde las pruebas de estado y de ensayo toman valor de testimonio de las diferentes etapas del proceso creativo; despliegue visual y narrativo en series de imágenes, en *suites* grabadas reunidas en libros o carpetas. Hoy más que nunca, las técnicas gráficas –tradicionales, renovadas, digitales o híbridas– sirven a menudo al arte contemporáneo para idear y producir proyectos múltiples y/o seriados. El Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos quiere dar constancia de esta evolución, desde la asimilación de sus cualidades históricas.

En este sentido, la obra premiada *Conversation piece*, del artista portugués **Pedro Calapez**, destaca por la especial coincidencia de sus características con los objetivos de este certamen, en la idea de repetición en tanto que motor de creación y transformación, en palabras del autor, como «una conversación continua e inacabada». La espectacular composición (260×520 cm) está realizada a partir de una unidad base (un fragmento arquitectónico de una ventana) que se multiplica por simetrías y repeticiones. El autor estableció una práctica mecánica, en movimiento perpetuo; el dibujo, que «se materializa en un momento de frágil equilibrio, pone de manifiesto su inagotable posibilidad». La producción de la composición está realizada con la impresión digital de 102 hojas de papel, en el formato estándar A3; clavadas en la pared solamente por su parte superior aportan a la enorme composición una ligereza casi volátil.

1 BOURGEOIS, Louise, «I Am a Woman with No Secret: Statements by Louise Bourgeois», 1991, en *Repetición/ Transformación*, cat. exp. Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Madrid, 1992.

La evolución técnica ha servido y ampliado a lo largo de los siglos no solamente las posibilidades multiplicadoras, sino formales y simbólicas, de las imágenes impresas, ofreciendo a menudo a los artistas plataformas de mayor libertad expresiva. Esta selección pretende reflejar la variedad técnica de la **gráfica contemporánea, multidisciplinar e integradora**, en un cuestionamiento entre obra única y múltiple, con la incorporación, ya del todo asumida, de los procesos digitales –pero también fotográficos, videográficos, o de sonido– que dilatan las posibilidades de creación, producción y difusión, física o virtual; sin por tanto olvidar los tangibles recursos tradicionales (buril, aguafuerte, xilografía, litografía, serigrafía...) y su posible combinación con procedimientos directos o todo tipo de intervenciones.

Cabe igualmente destacar la preocupación creciente de los creadores por la **puesta en escena de sus obras**, facilitada en este certamen por la admisión de varias piezas por participante, incluso de series enteras e instalaciones, sin límites de tamaños. Las obras se fragmentan, se desdobl原因, se expanden en el espacio bidimensional y tridimensional.

Para desarrollar la pluralidad de sus discursos, los artistas eligen a menudo la combinación de varios procedimientos, creando imágenes por capas o estratos, con la consecuente desmultiplicación de posibilidades formales y narrativas. Esta complejidad visual, interna y seriada, permite unas lecturas aditivas, a la vez verticales y transversales, que solicitan y provocan a un espectador alterado y por tanto activo. Implicado ante el impacto cognitivo de la repetición, el espectador debe establecer su propia estrategia de montaje, procurando averiguar los sentidos de la obra; algunos artistas van más allá y provocan incluso su participación para completarla.

Mientras unos artistas juegan con la infinidad de posibilidades combinatorias, otros deciden permanecer en la restricción y la parquedad de los medios tradicionales, aprovechando sus aparentes limitaciones como fuente de nueva inspiración, en una idea de retención y concentración estilística y conceptual. Desarrollan su riqueza inventiva, a partir de estructuras formales sencillas, el uso del negro de la tinta, la limitación del tamaño, con una idea de repetición casi obsesiva como trasfondo.

A la hora de realizar la selección de las participantes en la exposición, los miembros del jurado han tenido igualmente en cuenta las diferentes maneras de producir y entender la multiplicidad y la seriación, desde una gran variedad de enfoques: exploración procesual, repetición conceptual, fragmentación y/o secuenciación narrativa, o simplemente juegos formales. Con estas premisas, han decidido destacar, otorgando cinco menciones de honor, las propuestas de los artistas: **Liena Bondare, Charles François Duplain, Manuel Eirís, Joscelyn Gardner y Álvaro Negro**, por su aportación relevante en esta idea expandida del arte gráfico:

La formalización de la obra gráfica y múltiple se amplía al sonido y al vídeo con las obras de los artistas gallegos Manuel Eirís y Álvaro Negro, con proyectos ligados a conceptos elementales e históricos del arte del grabado.

Las piezas de **Manuel Eirís** (Santiago de Compostela, 1977), *Bs 50-50 grind* y *Bs Pivot grind* nacen de la idea de registrar, grabar, «el sonido de dos *grinds* que hizo un skater en un bordillo de Santiago cierto día del 2012». El verbo inglés *grind* significa chirriar o rayar, en terminología skater, se refiere al conjunto de maniobras consistente en el deslizamiento con uno o los dos ejes del monopatín sobre una superficie, generalmente un borde *curb* o saliente (*edge*). La acción deja unos rastros, huellas, sobre el mobiliario urbano transitado; el artista «graba» su sonido –recogido mediante un micrófono atado al tobillo del skater– en unos discos de vinilo; el sonido será reproducido a su vez por el contacto de la aguja del tocadiscos en los surcos del disco. Huella, grabado y reproducción son conceptos elementales del arte gráfico.

Los seis videos que conforman el conjunto de proyecciones de **Álvaro Negro** (Lalín, 1973), *Monteagudo. Natureza! Estás soa?*, se refieren a la tradición gráfica en la idea de desmultiplicación, así como en su vocación de registro y representación, «que alude a su propia fenomenología, al hecho de mirar como proceso descriptivo que logra trascenderse hasta llegar a un estado de conciencia esencial a través de lo que acontece». La expansión y la fragmentación de la mirada se materializa en seis tomas diferentes de un paisaje, en el que se encuentran las esculturas de Ulrich Rückriem,

analizando su interacción con la naturaleza y la acción del tiempo.

Las dos artistas, Liena Bondare y Joscelyn Gardner, trabajan desde la vocación de testimonio y reivindicación de la obra gráfica –recordemos por ejemplo las series grabadas de J. Callot, W. Hogarth o F. Goya–. Cada una de las artistas aporta elementos muy particulares a la presentación de sus proyectos.

La joven artista **Liena Bondare** (Letonia, 1980), presenta una gran instalación denominada *Kunst>Everyday Nothing* (el arte es mayor que la nada de todos los días), una obra en proceso, interactiva con el público, en la que utiliza la técnica de impresión de la serigrafía, combinada con dibujos efímeros a tiza, sobre 24 pizarras de varios tamaños: un conjunto explosionado, con múltiples elementos de referencia, de Leonardo da Vinci, con su reflexión acerca del instante y el tiempo, hasta los artistas Joseph Beuys, Marcel Duchamp o Yukio Mishima, en la idea de «arte y vida». Con el título, la artista, nos remite a una fórmula matemática, y nos remonta a tiempos del colegio, invitándonos a intervenir con tizas sobre las pizarras. Nos anima a reflexionar sobre el sentido del arte, su relación con la vida, el mercado y la historia, además de cuestionar los conceptos de autoría, original y copia.

Cabe destacar las obras *Créoles Portraits* de la artista caribeña-canadiense **Joscelyn Gardner** (1961), por su dominio técnico y la excelencia de su formalización, como contrapunto a su mensaje desgarrador. Con unas preciosistas litografías, iluminadas con acuarela a mano, sobre papel *mylar* translúcido, la autora explora la identidad criolla desde una perspectiva feminista postcolonial. Los delicados trenzados afros están unidos a terribles collares de hierro, con los que se castigaban a las mujeres esclavas, acusadas de inducir abortos. La integración de grabados botánicos del siglo XVIII hace referencia a lo exótico y a la identidad (su negación), pero también al uso de aquellas plantas para abortar, en acto de resistencia a la explotación esclavista.

**Charles F. Duplain** (1967, vive y trabaja entre Suiza, Francia y Bélgica) utiliza el medio de lo múltiple y lo impreso por sus posibilidades plásticas y metafóricas, ligadas al libro. Trata el tema del autorretrato desde una postura ambigua y fantasiosa. Con una presentación austera pero

muy cuidada, recoge, en el tradicional formato de la carpeta, siete composiciones tipográficas hechas con tipos de plomo, en las que declina las letras de su nombre completo, tomando varios códigos de deletreado internacionales que permiten confirmar los sonidos de las letras; repetición y variación textual, sonora y visual.

Desde la tradición técnica y la retención estilística, se presentan los ritmos grabados a buril de las *Bibliothèques* de Isabel Mouttet, los muy discretos gofrados *Audiolíneas* de Svantje Busshoff, como silenciosas partituras, o la conjugación de los puntos negros de Kiki Crêvecoeur *Trio, je, tu, il, nous, vous, elles...* Al otro extremo, a todo color, con materiales brillantes, pero también desde el juego de la repetición rítmica, se encuentran las variaciones de José Andrés Santiago.

Numerosas son las obras que cuestionan los ámbitos de percepción: las composiciones aparentemente abstractas de las arquitecturas –¿interiores o exteriores?– de Eduard Arbós; los garabatos troquelados de Ana Soler que de lejos nos observan; los paisajes desgarrados y vacíos de Ángel Masip, serigrafiados y reconfigurados en una acumulación reticular; los atractivos círculos *Inner Circle* de Raúl Gómez Valverde, realizados a partir de tomas fotográficas de un parque londinense, que pretenden «reflejar las múltiples variables implicadas en el proceso de percibir nuestro entorno». En la misma sintonía, Juan M. Moro, reflexiona acerca de la visión *panóptica*, con sus ventanales multiplicados, recortados y desplegados (en volumen) como miradores reactivados.

La repetición o la segmentación refuerzan los propósitos de los artistas; concentra nuestra atención; a veces desestabilizándola, como en el caso de las escaleras de Ewelina Szydelko, laberinto de claros-oscuros grabados a aguatinta. Al igual que en esta última obra, una cierta visión romántica prevalece en los cielos atormentados, iluminados por los brillos de la manera negra, de Juliette Vivier.

La fragmentación, recomposición o manipulación de las imágenes recrean formas más o menos posibles: en los *collages* de Misha Bies Golas, *Amalgamas* seudocientíficos sobre papel milimetrado; los coches de Mauro Vallejo, cuya reconstrucción fotográfica queda reforzada por el marco quebrado. La belleza

natural de las flores retratadas por Elena Lapeña se convierte en belleza ideal; los *Agapanthus africanus* y *Asphodelus albus* se vuelven tótems o columnas, «los paraísos naturales hacen los paraísos artificiales».

Las imágenes regrabadas del Palacio Real de Daniel Silvo readaptan su fachada a las necesidades sociales del Madrid actual; apropiación, recomposición y mensaje. Otros mensajes comprometidos se declinan con las estampas de Pedro Luis Cembranos, *Disaster Relief* –realizadas a partir del archivo de su *Museo de Instrucción Civil*–, y con los dólares calados por el *Capitalism Never Happened* de Fermín Díez. Iñaki Gracenea, por su parte, cuestiona ciertos aspectos de la video-vigilancia o del *voyeurisme*, con imágenes serigrafiadas superpuestas en capas, a partir de un material grabado en vídeo.

La aparente inocente secuenciación narrativa, sustenta los relatos visuales de Rebeca Menéndez, que se expanden en el espacio arquitectónico de la muestra, o los pequeños aguafuertes poéticos, *Legs series*, de la joven Irene Vidal. El vídeo es utilizado por Jessica Meuninck-Ganger y Nathaniel Stern para desdoblar y animar unas imágenes impresas y reflejadas (en un dibujado retrovisor). Debemos acercarnos a las ventanas-sellos de Alberto Valverde para percibir los movimientos de las figuras, capturadas en su confinado y reducido espacio.

La auto-referencialidad es una constante de la obra gráfica, así como de gran parte del arte actual: las revueltas olas negras y el mar abierto de Kako Castro; la tinta negra macro-fotografiada por Cillas Seyde que emulan cartografías desconocidas en una secuenciación de acercamientos; las reimpresiones *birds\_printer.vs* de las alineaciones de las impresoras de Karla Tobar, tomadas por dos pajaritos; los libros fotocopios y reencuadrados de Julia Rometti y Victor Costales, *Ediciones del Exotismo Ordination Internacional Neotropical*, investigación alternativa sobre plantas de interior.

Desde la intimidad, Carolina Cruz Guimarey fabrica pequeños libros y los presenta junto a unos textos extraídos que pretenden orientar acerca de las historias escondidas en sus *Todas las huidas*; los materiales utilizados, significativos, tientan la vista y el tacto, piden ser

manipulados. Con *Un mapa para tus cenizas*, la argentina Alicia Candiani reafirma el mito de la cartografía borgiana, los mapas –en su origen, al igual que los sellos, grabados y multiplicados gracias a las técnicas del grabado– como talismanes que nos conducen a lo deseado.

La referencia a Yukio Mishima vuelve con Javier Pividal, junto a Pier Paolo Pasolini y Jean Genet; sobre sus enormes retratos se recortan, se *excriben*, palabras convertidas en imágenes surgidas de la *escritura blanca* de Roland Barthes y según su principio: «Les paroles, que sont-elles? Une larme en dit plus»<sup>2</sup> (Las palabras ¿qué son? Una lágrima dice más).

